



## BANDO

### RECOÑECIMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña

#### FAGO SABER:

Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 60, do 25 de marzo de 2011, a Orde do 21 de marzo de 2011 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, de distintas familias profesionais.

#### OBXECTO

**Avaliación e acreditación das competencias profesionais** adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación **asociadas aos ciclos medios de Carrozaría, Cociña e gastronomía, Emerxencias sanitarias, Farmacia e parafarmacia, Instalacións eléctricas e automáticas e Servizos de restauración e asociadas tamén ao ciclo superior de Educación infantil.**

#### REQUISITOS

- Ter 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición
- Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar:
  - o Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos dez anos.
  - o Formación: xustificar polo menos 300 horas nos últimos dez anos.
- Non estar matriculadas nin cursando simultaneamente un curso de formación profesional inicial nin para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia en que soliciten a súa inscrición.

#### SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes remitiranse ao Director do CIFP/IES correspondente coa documentación que se especifica no artigo 6 da dita Orde.

O **prazo** de presentación de solicitudes **rematará o 14 de abril de 2011.**

#### INFORMACIÓN

Para máis información chamen ao concello ao teléfono 981 687 001 en horario de 08.00 a 15.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mesía, 28 de marzo de 2011

Asdo.